

Túa Blesa

210

Para empezar, un tópico: o de que as literaturas nas diferentes linguas españolas veñen desenvolvéndose de maneira maioritaria de costas unhas ás outras, case como se non existisen fóra dos seus territorios lingüísticos. No caso da literatura galega cabe dicir que dende fóra de Galicia se ve coa mesma distancia coa que se chegou case a esquecer a existencia da literatura portuguesa. Isto require, sen dúbida algunha, matizacións: o Nobel de Saramago e a súa residencia española converteron a súa obra en familiar para o lector español, pero ¿acaso non termina aí a existencia da escritura portuguesa contemporánea para a maioría dos lectores?; no caso do galego, non se pode negar a presenza de, en tradución, as obras, digamos, de Manuel Rivas ou Suso de Toro, pero ¿de cantos máis? E, se se sae do territorio da narración, ¿que hai dos poetas en lingua galega? Sexa cal sexa a resposta, o caso é que existen. E existen hoxe no conxunto dunha potente literatura en lingua galega, da que estas Xornadas deben verse como unha reivindicación, unha chamada a abrir os ollos a quen os manteñen pechados e este é o mérito de Antonio Pedrós: a loita contra o tópico enunciado.

É o momento agora da poesía de Yolanda Castaño.

Lese nun dos seus poemas a modo de exposición, ou confesión, metapoética: “O meu crime de bailar cando todos van correndo / O meu crime é o crime de fecharme na utopía” (1998, 30).

Preséntasenos a escritura como crime, crime que supón que se pon en xogo unha actitude en contra da norma establecida, a contrapelo, e que aquí resulta ser o poñer en xogo todo o corpo, todos os sentidos. En concreto, nestes versos o crime declarado é o de bailar. E é tal cousa porque este baile se desmarca da actividade dos outros, deses outros dos que se di “todos van correndo”. Fronte a ese frenesí xeral da carreira cara a algún obxectivo, que se inverte agora como unha fuga, a que conduce a furtar o corpo: o xesto do baile, a posta en escena do corpo. Un corpo que se orienta, se le, á utopía.

Se hai unha utopía, e haina, na escritura de Yolanda Castaño é a utopía do corpo en canto que ha de metamorfosearse en palabra. Un nome, o corpo, que designa todas as dimensións do suxeito, un corpo que é tamén o nome da alma, que é tamén a alma; unha alma, un corpo, que se entrega a modo de sacrificio á vida e á escritura: “a oblación da derrama do corpo” (1998, 24) tal como se le noutro dos poemas (o relixioso maniféstase como léxico, pero tamén para sinalar o transcendente da vida vivida).

A escritura poética de Yolanda Castaño é, pois, a entrega dun corpo nunha voz que, se ben agroma do corpo, en canto aire é vista na súa simbolización espiritual e agora ha de mutarse nunha voz corporal, carnosa, plena de sensacións, de sentimentos, de conmocións da materia palpábel. Ese corpo longamente exiliado do discurso poético en beneficio da alma e das súas potencias, esa lamentábel idealización que traizoa toda posibilidade de vida, que serve como punto de apoio para conseguir desvincular a vida e a palabra de calquera forma de goce, esa alma que converte en abstracción todo o que toca co seu hálito, todo o que di –facendo do dicir unha operación de escamoteo, de dar morte–, esa alma é nesta poesía corpo.

E, como corpo, triunfo da vida sobre a morte que é sempre o apelar á alma, non en van se di dela, noutro xesto ilusorio, que é inmortal, por canto que non sendo vida non podería, entón, morrer. Intentar inscribir a alma é, sen máis, a apelación a unha palabra morta; pola contra, invocar o corpo, escribilo como poema, é convocar a vida, é facer verso da palabra viva. E que o verso adquira cualidades do comestíbel, como en “Unhas estrofas de espiñas. / E dábasmas a larpear” (2000b, 10), e as frecuentes aparicións de “dentes”, mesmo “dentadas”, e expresións como “Xantarme coma ti sabes” (2000b, 38) ou “Cómeo todo, meu ben”. E chégase a que a propia linguaxe se materializa e entra en contacto co corpo: “Untándonos das linguaxes” (2000b, 44).

Poesía, pois, en canto discurso do corpo. Corpo que se entrega (lémbrese: “oblación / da derrama do corpo”), corpo que se manifesta nos trazos da escritura, corpo co que o lector topa a cada verso, sendo cada palabra un latexo, un instante de tacto, unha sensación (moito máis que un sentimento), sendo cada palabra un acto de corporeización polo cal se inscribe na súa carnalidade (“corpo”, “labios”, “mans”, “peito”, “pelo”, “pezóns”, “pel”, “dentes”, “dedos”, “bocas”, “ventre”, “coxas”, “pernas”, “seo”, “van”, “ínguas”, etc., nos poemas de 2000b).

Suxeito feito corpo, corpo feito carne, tal como se le no poema “To be”: “verbo ferver feito carne” (1998, 25).

A ese principio responden as reiteradas expresións sensuais destes poemas, onde as palabras chaman continuamente aos sabores, xa sexa chocolate, “canela”, “vainilla”, “licores almibrados”, etc., delicias, todo en fin “alcohol poetizado” (1998). Esta carnalidade, tan pouco frecuente, é un selo que marca a escritura de Yolanda Castaño.

E estas sensacións responden a un desexo de beleza, de vida bela por canto plena, ou, se se prefire, cunha expresión doutro dos seus textos, esta obra responde “o Vicio da Beleza” (Castaño, 2000a).

212 Pero nunca é unha beleza ideal ou idealizada, distante, allea por descorporizada, senón unha beleza que se fai carne, que se fai violencia da sensación, a violencia que lle dá a proximidade, o contacto, o choque do corpo, isto é, unha beleza materializada, material, o que quere dicir humanizada, real. Esta chamada que os versos de Yolanda Castaño nos fan suprime a distancia e esa é quizais a utopía poética: a de que a palabra golpee cos seus nomes en forma de sacudida corporal, corpo contra corpo. Por iso prevese un mundo onde a distancia da separación terá sido abolida: “desexo edificará un imperio alí onda nada nos separa” (1998, 33).

Creo que este verso resume ben o alento desta obra poética, que consistirá, pois, en rozar, en tocar, en interiorizar na palabra todo un cargamento de sensacións, de convulsións, que sacoden o lector, de tal modo que a lectura non será unha experiencia afastada, digamos intelectual, senón próxima, corporal. Tanto que a escritura rematará por levarse a cabo sobre a mesma pel: “Fuches ti, meu animal, fuches ti quen esculpiu / nas miñas nádegas un verso que dicía para sempre” (2000b, 52):

Ler a Yolanda Castaño é trabarse nun corpo a corpo, nunha agonía que nos fai e nos desfai e onde, en fin, o lector se reencontra nunha lectura do corpo mesmo. Así, a súa obra é, por ser unha lección, unha lectura, de vida, unha lectura, unha lección moral.

Túa Blesa

Bibliografía

Castaño, Yolanda, *Delicia*, A Coruña: Espiral Mayor, 1998.

——, *Venecia, o vicio da beleza. Catálogo da exposición de Antón Sobral*, Vigo: Caixa de Pontevedra, 2000a.

——, *Vivimos en el ciclo de las Erofanías*, Ed. bilingüe, Trad. da autora, Madrid: Huerga e Fierro, 2000b.